

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES MUGARDOS

CURSO: 1º ESO

MATERIA: FRANCÉS

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

DATA: 10-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º ESO

Os estándares correspondentes aos catro primeiros bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos e produción de textos escritos), é dicir, as catro destrezas básicas, e ao bloque 5 nos catro primeiros apartados, cos seus correspondentes criterios de avaliación, trabállanse ao longo de todo o curso (Ver Programación Didáctica).

Dentro do bloque 5 (a competencia comunicativa), os apartados B5.5 (funcións comunicativas), B5.6 (léxicas) e B5.7 (funcións sintáctico discursivas) son os que se temporalizan en cada avaliación, quedando o 3º trimestre como segue:

Actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que versarán sobre os seguintes **contidos mínimos**:

Números 0-99

O presente dos verbos : avoir, être (e o seu uso) e verbos en -er

Saudar, presentarse e presentar

Artigos definidos e indefinidos

O feminino e o plural regular e algún caso irregular en adxectivos e substantivos (cores, nacionalidades, profesións...)

A negación *ne (n´)...pas*

Qui est-ce ? Qu´est-ce que c´est ? C´est, ce sont

Adxectivos posesivos 1 posuidor

Falar dos gustos : *J´aime, j´adore, je déteste, je n´aime pas*

Escribir a data

Encher unha ficha cos datos persoais

Dicir e preguntar a idade, o cumpreanos e a nacionalidade

O colexio ; material escolar, materias, horario

Días, meses, estacións

Falar da familia

Descrición física

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Rexistro das actividades entregadas (fichas de exercicios, traballos...) Probas orais
	Instrumentos: Fichas de actividades diversas Traballos Arquivos de audio
Cualificación final	-Para o alumnado que teña aprobados os dous primeiros trimestres, ou se a media destes é como mínimo de 5, a cualificación final será a media dos dous primeiros trimestres unha vez realizada a ponderación (40% o 1º trimestre e 60% o segundo), incrementada ata 1 punto en función da calidade e cantidade das actividades entregadas no terceiro trimestre. -O alumnado cualificado negativamente, para aprobar a materia cun 5 deberá entregar as actividades de recuperación requeridas. Así mesmo, poderá mellorar nun punto dita nota facendo o resto das actividades. Valorarase en ambas o grao de dominio.
Proba extraordinaria de setembro	Se as circunstancias debidas á pandemia o permiten, haberá un exame presencial, dos contidos que figuran no apartado 1, que pode incluír diferentes bloques competenciais (comprensión e expresión oral/escrita). Se non, faríase de xeito telemático (ou o que diten eventuais instrucións da Consellería)
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Actividades de tipo gramatical e de vocabulario principalmente, pois é o primeiro ano no que se enfrontan a esta materia: -Exercicios de repetición, de adaptación segundo o modelo proposto... -Actividades de escoita: vídeos, cancións -Actividades de creación: postais, emails, de cultura e civilización... -Actividades encamiñadas ao mesmo fin, pero lúdicas: cancións, xogos interactivos, vídeos... -Algunha pequena actividade con contidos novos pero de pouca dificultade, con ficha explicativa
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para cada un dos días nos que teñen clase entréganselle, mediante Edixgal, as actividades que deben facer. Algunhas están baseadas no libro de Edixgal, pero modificadas, posto que xa estaban feitas.</p> <p>Outras consisten en fichas de internet ou feitas polo profesor, con breves explicacións de repaso para que lles sea máis doado facer os exercicios, procurando que sexan atractivas á vista (incluíndo cores, numeración, subliñados... para axudar ao alumnado con atención á diversidade). Moitas delas conteñen enlaces a páxinas web (cancións, explicacións breves, xogos interactivos, etc.)</p> <p>Tamén se propoñen traballos, sobre todo de cultura e civilización, nos que empregan internet para a busca de información.</p> <p>Mediante a mensaxería de Edixgal ou polo correo electrónico, profesora e alumnado póñense en contacto para calquera dúbida ou outros asuntos.</p> <p>Non se detectan casos sen conectividade.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> -Ordenadores da Xunta -Internet: <ul style="list-style-type: none"> -Libro de texto de Edixgal -Entrar nos enlaces propostos -Busca de información -Mensaxes (correo electrónico, mensaxería de Edixgal)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Informarase ao alumnado (e pais) ca publicación deste documento en Edixgal. Así mesmo, o correo electrónico da profesora está publicado na web do centro, o que permitirá calquera consulta ou dúbida.</p>
Publicidade	<p>Na páxina web do IES Mugarbos</p>